

FGE | Next GeneratiOn Galicia

Título	As Misións de Horizonte Europa: un novo enfoque ante os retos da UE
Data	30 de marzo de 2022
Lugar	Online
Organización	Fundación Galicia Europa
Asistentes	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo ▪ Consellería de Facenda e Administración Pública ▪ Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda ▪ Consellería de Medio Rural ▪ Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ▪ Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE ▪ Axencia Galega de Innovación (GAIN) ▪ Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) ▪ Axencia Galega de Calidade Alimentaria (AGACAL) ▪ Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER)
Relatora	Rosa Correa , experta nacional destacada na Dirección Xeral de Investigación e Innovación (RTD) da Comisión Europea

INTRODUCCIÓN

Neste terceiro encontro virtual de 2022, Rosa Correa ofreceu unha visión xeral das Misións de Horizonte Europa, un conxunto de accións, que inclúen “*proxectos de investigación e innovación, medidas de actuación e iniciativas lexislativas*”, destinadas a atopar unha resposta ós retos que afronta a UE na actualidade.

A sesión foi inaugurada por Jesús Gamallo, director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, quen fixo fincapé na idoneidade de apoiar as prioridades das diferentes Misións mediante as estratexias de especialización intelixente (RIS3), que articulan as actuacións en I+i das rexións e seguen sendo un requisito indispensable para acceder ós fondos estruturais europeos. A RIS3 para o período 21-27 xa incorpora as prioridades da UE para os próximos anos, como a nova Estratexia Industrial, a aplicación do Pacto Verde ou a transformación dixital. Como destacou o Director Xeral durante a súa intervención, é importante “*involucrar a todos os actores rexionais, así como ós seus ecosistemas de Innovación e Investigación, para poder xerar un impacto que sexa duradeiro e sostible*”.

RESUMO DA REUNIÓN

ANTECEDENTES

O idea das Misións xorde co anterior comisario de Investigación, Ciencia e Innovación, Carlos Moedas, entre 2018 e 2019. Neste momento, creáronse cinco comités sectoriais que, en setembro de 2020, presentaron un primeiro borrador de cada Misión á nova comisaria, Mariya Gabriel. Tras a aprobación durante o verán de 2021 dos cinco plans individuais, que conteñen obxectivos, metas, ou calendario de actividades, as Misións foron oficialmente lanzadas en setembro dese ano, coa adopción da *Comunicación sobre as misións da UE*.

AS MISIÓNS

Tipos e obxectivos

As Misións enmárcanse no pilar 2 (“*Desafíos Globais e Competitividade Industrial Europea*”) de Horizonte Europa, o programa marco de Investigación e Innovación para o período 21-27. Trátase dunha **novidade de Horizonte Europa, non contemplada en períodos anteriores, mediante a que a UE desexa facer fronte a grandes retos en materia de saúde, clima e medio ambiente**. A Comisión Europea acaba de rematar os programas de traballo para o ano 2022, que se publicarán a mediados de maio. Pronto comezarán os traballos para os períodos 2023 e 2024.

As cinco Misións son as seguintes:

1. **Misión “Solos sans e alimentos saudables”**: favorecerá a creación de 100 “laboratorios viventes” para liderar a transición a uns solos sans de aquí a 2030. A Misión creará asociacións eficaces entre sectores e territorios para protexer e restaurar os solos en Europa. Tamén contribuirá ós obxectivos do Pacto Verde relativos á agricultura sostible, a resiliencia fronte ó cambio climático, a biodiversidade e a contaminación cero.
2. **Misión “Adaptación ó cambio climático”**: apoiará a polo menos 150 rexións e comunidades europeas para que sexan resistentes ó cambio climático de aquí a 2030. Axudará ás rexións europeas a prepararse para os cambios inevitables e os fenómenos extremos e a compartir experiencias e solucións para evitar a perda de vidas e medios de subsistencia.
 - ❖ *As comunidades: segundo o Plan de implantación desta Misión, trátase de “agrupacións de persoas con lazos sociais, valores ou intereses compartidos, comprometidas nunha acción conxunta. Poden ser de diferentes tamaños e non sempre están limitadas xeograficamente. Poden ser entidades máis pequenas ou máis grandes que as rexións. Deben estar representadas por unha autoridade con personalidade xurídica, que teña o mandato de comprometer fondos e poñer en marcha unha estratexia de adaptación a nivel local”.*
3. **Misión “Protección dos océanos, os mares e as augas”**: contribuirá a acadar os obxectivos da UE de protexer o 30% da superficie mariña da UE, así como restaurar os ecosistemas mariños e 25 000 km de ríos de caudal libre. Tamén previrá e eliminará a contaminación mediante a redución dos residuos plásticos no mar, a perda de nutrientes e o uso de praguicidas químicos nun 50%, e fará que a economía azul sexa climaticamente neutra e circular con cero emisións marítimas netas.
4. **Misión “Loita contra o cancro”**: pretende mellorar a vida de máis de tres millóns de persoas de aquí a 2030 mediante a prevención, a cura e a mellora de vida, así como impulsar o coñecemento sobre a enfermidade.
5. **Misión “Cidades intelixentes e climaticamente neutras”**: apoiarase a polo menos 100 cidades para que sexan climaticamente neutras de aquí a 2030. Estas, en estreita cooperación coa cidadanía, establecerán “Contratos de cidade polo clima”, que detallarán a estratexia para despregar e supervisar solucións innovadoras e dixitais coa finalidade de alcanzar a neutralidade climática. Liderarán a innovación climática e exporán solucións de redución das emisións de carbono que permitirán a todas as demais cidades seguir o seu exemplo de aquí a 2050.

Enfoque global

As Misións recoñecen que os retos sociais requiren un enfoque global que transcenda os límites das políticas, os programas e os diferentes niveis de gobernanza. O impacto real derivarase da capacidade das Misións para mobilizar a todos os axentes (diferentes niveis de gobernanza, investigadores e innovadores, institucións educativas, pequenas e grandes empresas, inversores e sociedade civil) ó redor de obxectivos concretos.

A Comisión Europea considera que tal enfoque permite detectar cales son os axentes, as políticas e os instrumentos necesarios e garantir a responsabilidade compartida e os compromisos de todas as partes implicadas. Tamén se intentarán detectar complementariedades con estratexias rexionais e estratexias de especialización intelixente (RIS3) para axudar a reducir a fenda en materia de innovación entre os Estados membros e as rexións, co apoio do Comité Europeo das Rexións e as redes europeas de apoio ás pemes e á innovación.

Orzamento

Para iniciar a execución das cinco misións, a Comisión Europea concederá **1 890 millóns de euros do Programa Horizonte Europa para o período 2021-2023. O primeiro tramo oficial púxose en funcionamento a finais de 2021.** A Comisión Europea avaliará, a máis tardar en 2023, as cinco Misións e as súas necesidades financeiras futuras.

A RIS3 21-27 GALEGA COMO MARCO PARA APOIAR ÁS MISIÓNS

Sabela Pardo, directora da Área de Programas de GAIN, sinalou que en Galicia estase buscando aliñar e dar cabida ás Misións coa Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) para o período 2021-2027, que foi aprobada no Consello da Xunta de 8 de abril de 2022. En liña coas Misións europeas, definiranse entre dúas e seis misións galegas das que se derivarán convocatorias propias financiadas grazas ó Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER). Para isto, haberá que ter en conta o establecido neste Fondo (v.g. as cidades intelixentes non son unha prioridade, polo que esta Misión europea non poderá ser tida en conta).

ENLACES DE INTERESE

Para saber máis sobre as Misións de Horizonte Europa:

- *A Comisión Europea pon en marcha as Misións de Horizonte Europa:*
http://fundaciongaliciaeuropa.eu/noticias_ver.asp?idSeccion=23&idTema=31&idNoticia=5471
- **Comunicación** da Comisión Europea sobre as misións europeas [COM (2021) 609 final]
- **Páxina web** da Comisión Europea sobre as Misións

Para saber máis sobre a RIS3 de Galicia:

- *A Fundación Galicia Europa coordina unha reunión das oficinas autonómicas sobre a actualidade das estratexias de especialización intelixente:*
http://fundaciongaliciaeuropa.eu/noticias_ver.asp?idSeccion=6&idTema=68&idNoticia=4551
- RIS3 21-27: <https://ris3galicia.es/ris3-2014-2020/>